



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

### ANUNCIO

**LISTA DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUIDOS NO PROCESO DE SELECCIÓN DO XEFE DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE CAMARIÑAS 2019.**

**DATA DE PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO: 14 DE AGOSTO DE 2019.**

**A Alcaldía ditou no día de hoxe, 14 de agosto de 2019, o decreto que a continuación se transcribe:**

#### “DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** XB LISTA DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS NO PROCESO DE SELECCIÓN DO XEFE DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE CAMARIÑAS 2019.

**EXPEDIENTE:** 2019/E001/000010

Rematado o prazo de presentación de instancias para participar no proceso de selección do xefe da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Camariñas, brigada que se crea ao abeiro do “Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Camariñas para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020”, cuxas bases e convocatoria foron aprobadas por decreto da Alcaldía de data 29/07/2019 e publicadas no taboleiro de anuncios do Concello na mesma data; esta Alcaldía en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente e de conformidade co disposto na Base 5ª que rexe a convocatoria,

Considerando que o único aspirante presentado cumpre coas condicións establecidas na base 3ª que rexe a convocatoria é polo que en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente e de conformidade co disposto na Base 5ª da convocatoria,

#### ACORDO:

**Primeiro.-** Aprobar a seguinte lista definitiva de aspirantes admitidos para a contratación laboral temporal do xefe da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Camariñas 2019:

Admitidos definitivamente:

NÚM.	APELIDOS E NOME	DNI
1	CANOSA BLANCO, DOMINGO DANIEL	***0886**

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñece aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca mediante a correspondente resolución. Cando da documentación que se ten que presentar, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da participación neste procedemento.

**Segundo.-** Que o Tribunal cualificador se reúna para a súa constitución e para a valoración de méritos alegados (fase de concurso) o **próximo luns, día 19 de agosto de 2019, ás 8:15 horas**, na Casa do Concello de Camariñas.



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### A CORUÑA

**Terceiro:** Convocar, de conformidade coa base 7ª da convocatoria, ao aspirante admitido para a realización dos exercicios da fase de oposición de conformidade co seguinte detalle:

- **Proba de aptitude física:** ás **11:00 horas do día 20 de agosto de 2019 (martes)**, na CLINICA CARBALLO, (Rúa Tarragona - Esquina Paseo Fluvial Baixo. Carballo. A Coruña).

A tal efecto o aspirante, para acreditar a súa personalidade, deberá presentarse no lugar indicado provistos do DNI, pasaporte ou carné de conducir.

**Cuarto:** Facer público o presente decreto mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios do Concello e, a efectos meramente informativos, no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Camariñas.

**Quinto :** Dar traslado do presente decreto aos membros do Tribunal Cualificador.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria accidental, que asino aos únicos efectos de fe pública”.

**Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Alcaldesa Dª Sandra Insua Rial.**